



Acordo da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de outorgamento das autorizacións administrativas previa e de construción e de declaración de utilidade pública, en concreto, dunha instalación de distribución de enerxía eléctrica no termo municipal de Sobrado dos Monxes (expediente IN407A 2023/282-1)

Expediente: IN407A 2023/282-1

Solicitante/promotor: UFD Distribución Electricidad, S.A.

Denominación: Nova LAMT, LSMT, CT e conexión RBT en Muradelo

Termo municipal: Sobrado dos Monxes

### 1 Características técnicas

Modificación, sen alterar a súa actual traza, da liña MEL-705 rexistrada no expediente IN407A 2016/2363-1, no seu treito de 331 metros de lonxitude en condutor tipo LA-110 comprendido entre o apoio nº 146 (matrícula B46IQ6JQ) de formigón tipo A-AL-HV-1600/15-CR-6xCA(CS)-cruceca derivada-3xCA (derivada a CT Mesón de Ruade) e nº 147 (matrícula B3XCRTNX) metálico tipo A-AL-C-Triángulo-6xCA(CS), consistente en:

- Instalación, intercalado entre os anteditos apoios e a unha distancia de 152,1 metros do apoio nº 146, na parcela con referencia catastral 15081A03100133, dun novo apoio metálico de celosía tipo A-AL-2000/18-T35-6xCA(CS), que se identificará como apoio nº 146-B1.
- Instalación, intercalado entre os anteditos apoios e a unha distancia de 84,6 metros do apoio nº 147, na parcela con referencia catastral 15081A03100134, dun novo apoio metálico de celosía tipo A-AL-2000/16-H35-6xCA(CS)-H35-3xCA, que se identificará como apoio nº 146-B2.

Nova liña eléctrica de media tensión aérea, a 15 kV, de 385,9 metros de lonxitude en condutor tipo LA-56, tendida sobre catro (4) novos apoios metálicos tipo A-AL-C-2000/14-H35-6xCA (apoiro N1), A-AL-C-2000/16-H35-6xCA(CS) (apoiro N2), A-AL-C-2000/18-H35-6xCA(CS) (apoiro N3) e FL-C-2000/14-H35-3xCA (apoiro N4), con orixe no novo apoio nº 146-B2 proxectado e remate no novo apoio N4 antes indicado. No apoio N1 proxéctase a instalación dun seccionador e no apoio N4 proxéctase a instalación dun paso aéreo-soterrado (PA/S) dotado de pararraios autoválvulas.

Instalación, na parcela con referencia catastral 15081A03100107 sita no lugar de Muradelo, dun novo centro de transformación prefabricado de formigón tipo rural fin de liña, compacto de manobra exterior, de 100 kVA de potencia, relación de transformación





15/0,4-0,23 kV e configuración de celas 1L+1P, con cadro de baixa tensión con tres (3) saídas (unha de reserva).

Nova liña eléctrica de media tensión soterrada, a 15 kV, de 141 metros de lonxitude en condutor tipo RHZ1-20L 12/20 kV 3(1 x 150 mm<sup>2</sup> Al), con orixe no paso aéreo-soterrado (PA/S) que se vai instalar no novo apoio N4 e remate en cela de liña do CT proxectado.

Reordenación da rede de baixa tensión (RDBT) existente actualmente alimentada polo CT Mesón de Ruade (expedientes 34.958 e IN407A 2016/790-1 / matrícula 15A263), que resultará parcialmente descargado, mediante a instalación de dous (2) novos circuitos soterrados de baixa tensión (RBTS) de 2 x 39 metros de lonxitude en condutor tipo XZ1 0,6/1 kV 4(1 x 150 mm<sup>2</sup> Al), con orixe no cadro de baixa tensión (CBT) do CT proxectado e remate no acoplamento coa rede aérea de baixa tensión existente que se vai realizar nos pasos soterrado-aéreos (PS/A) proxectados en apoio de formigón 90342282 existente e da substitución de 63 metros de rede aérea de baixa tensión existente en condutor tipo RZ 3(1 x 16 mm<sup>2</sup> Al) por novo condutor tipo RZ 3(1 x 50/54,6 mm<sup>2</sup> Al/Alm).

## 2 Lexislación de aplicación

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).
- Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2013).
- Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica (BOE núm. 310, do 27 de decembro de 2000).
- Resolución do 19 de febreiro de 2014, pola que se aproba o procedemento de autorización administrativa de construción, de acordo co previsto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico (DOG núm. 54, do 19 de marzo de 2014).
- Lei do 16 de decembro de 1954, sobre expropiación forzosa (BOE núm. 351, do 17 de decembro de 1954).
- Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o regulamento da Lei de expropiación forzosa (BOE núm. 160, do 20 de xuño de 1957).







A relación concreta e individualizada dos bens e dereitos afectados que se considera de necesaria expropiación figura no anexo que se xunta con este acordo.

A declaración de utilidade pública, segundo o artigo 56 da Lei 24/2013, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación, para os efectos do artigo 52 da Lei de expropiación forzosa.

A documentación estará a disposición das persoas interesadas nas dependencias da Sección de Enerxía da Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Coruña (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña), entre as 9:00 e as 14:00 horas, de luns a venres, así como no taboleiro de anuncios do concello. Ademais, poderá consultarse no Portal de transparencia e goberno aberto desta consellería:

<https://economia.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-electricas-distribucion-e-transporte>

Isto faise público para coñecemento xeral e particular das persoas propietarias dos predios que figuran na relación anexa a este acordo, así como das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidos. Poderán examinar a documentación técnica, e no seu caso, achegar as alegacións ou observacións que estimen axeitadas no prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da derradeira publicación deste acordo.

A Coruña,

Isidoro Martínez Arca

Xefe territorial

Asinado por: MARTINEZ ARCA, ISIDORO  
Cargo: Xefe Territorial

Data e hora: 28/08/2023 14:00:49

CVE: 4gD30oWd4PE9  
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



Xefatura Territorial da Coruña - Edificio Administrativo de Monelos  
Rúa Vicente Ferrer, 2 1º e 2º andar - 15071 A Coruña  
T. 34 981 184 902 [cei.xtcoruna@xunta.gal](mailto:cei.xtcoruna@xunta.gal) [www.ceei.xunta.gal](http://www.ceei.xunta.gal)

ANEXO: Relación de bens e dereitos afectados

Expediente: IN407A 2023/282-1  
Solicitante/promotor: UFD Distribución Electricidad, S.A.  
Denominación: Nova LAMT, LSMT, CT e conexión RBT en Muradelo  
Termo municipal: Sobrado dos Monxes

Nº	REFERENCIA CATASTRAL	PARAXE	CULTIVO	NOME	Afección pleno dominio (LMT, CT e/ou apoios)		LMT aérea - voo (servidume de paso de enerxía eléctrica)	
					CT / Nº do apoio	Superf. (m <sup>2</sup> )	Lonx. (m)	Superf. (m <sup>2</sup> )
1	15081A03100133	Chousa Nova	Labor ou labradío de secoño	Descoñecido	Novo apoio nº 146-B1	2		
4	15081A03101139	Xesteira	Matogueira	David Lobeiro Quintela			685,74	
5	15081A03100136	Chousa Xestes	Matogueira	David Lobeiro Quintela			83,82	
9	15081A03100135	Chousa de Atrás	Prados ou praderías	Descoñecido			52	
10	15081A03100090	Fondelo	Prados ou praderías	Descoñecido			714,21	
11	15081A03100095	Agro Baixo	Prados ou praderías	Descoñecido	Novo apoio	2	1.291,75	

Xefatura Territorial da Coruña - Edificio Administrativo de Monelos  
Rúa Vicente Ferrer, 2 1º e 2º andar - 15071 A Coruña  
T. 34 981 184 902 ceixtcoruna@xunta.gal www.ceei.xunta.gal



12	15081A031000096	Fondal	Prados ou praderías	María Ángeles Lorenzo Iván Parga Lorenzo	N3 Novo apoio N4	2	51,98	708,8	
13	15081A03100107	Pozo Prado Vello	Improductivo	Descoñecido	CT	19,75			

